

# IES RIBEIRA DO LOURO

Ribeira s/n – Torneiros. 36410 O PORRIÑO

Tel.: 986 33 39 56 – Fax: 986 33 37 84

XUNTA DE GALICIA – CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

## Proceso de Admisión de Alumnado ESO/BACHARELATO (2024/25)

### 1) NORMATIVA REGULADORA

- [Decreto 13/2022, do 3 de febreiro](#), polo que se regula a admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- [Orde do 21 de outubro de 2022](#) pola que se desenvolve o Decreto 13/2022, do 3 de febreiro, polo que se regula a admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (códigos de procedemento ED550A, ED550B e ED550C).

### 2) PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

Dende o **1 ata o 20 de marzo de 2024**

### 3) NOTA INFORMATIVA

#### ➤ **ALUMNADO DO CENTRO**

O alumnado do centro ten garantía de permanencia. Por tanto, **non ten que presentar solicitude de admisión neste centro**. No caso de que presente solicitude de admisión noutro distinto deberá comunicalo, ao mesmo tempo, ao centro de orixe (IES Ribeira do Louro).

# IES RIBEIRA DO LOURO

Ribeira s/n – Torneiros. 36410 O PORRIÑO

Tel.: 986 33 39 56 – Fax: 986 33 37 84

XUNTA DE GALICIA – CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

## ➤ ALUMNADO PROCEDENTE DUN CENTRO ADSCRITO

O alumnado dos centros adscritos **non ten que presentar solicitude de admisión se presentou a solicitude de reserva de praza no seu centro de orixe.**

No caso de que sexa admitida a reserva de praza no IES Ribeira do Louro, só se poderá presentar solicitude de admisión para un centro distinto se renuncian por escrito á praza reservada antes do 1 de marzo.

## ➤ ALUMNADO SEN PERMANENCIA NIN RESERVA

O alumnado sen permanencia nin reserva **deberá presentar solicitude de admisión entre o 1 e o 20 de marzo.**

Cada alumna e alumno pode pedir na súa solicitude ata seis (6) centros por orde de preferencia, pero **a solicitude só se pode presentar no centro no que solicite praza en primeiro lugar.** Se presenta máis dunha solicitude en centros distintos estará cometendo unha infracción que determinará a perda dos dereitos de prioridade que poidan corresponderlle.

No caso de que a demanda de prazas nalgún curso sexa maior que a oferta, a dirección abrirá un prazo para presentar a documentación xustificativa dos méritos alegados na solicitude de admisión, que serán avaliados conforme aos criterios de admisión establecidos na normativa aplicable. Ademais, deberán presentar unha copia do anexo II presentado anteriormente.

## ➤ CARÁCTER VINCULANTE DAS SOLICITUDES

A solicitude de reserva ou admisión é única para cada alumno/a e ten carácter vinculante. A súa presentación implica que son certos os datos indicados nela. A existencia dunha solicitude de admisión

# IES RIBEIRA DO LOURO

Ribeira s/n – Torneiros. 36410 O PORRIÑO

Tel.: 986 33 39 56 – Fax: 986 33 37 84

**XUNTA DE GALICIA – CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE**

presentada en prazo sen renunciar expresamente á anterior e, así mesmo, a existencia dunha solicitude de admisión sen ter renunciado á praza reservada a 28 de febreiro (este incluído) poderán ser causa de perda do dereito a participar no procedemento.

## 4) LISTAXES DE ALUMNADO ADMITIDO E EXCLUÍDO

A **listaxe provisional** publicarase o **25 de abril**.

Se todas as solicitudes son admitidas e existen prazas vacantes para atendelas, a listaxe terá carácter definitivo.

Se algunha das solicitudes é excluída, abrirase un prazo de reclamación de 5 días hábiles. As reclamacións quedarán resoltas coa publicación da **listaxe definitiva** de alumnado admitido e excluído, que terá lugar o **15 de maio**.

## 5) SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

O IES Ribeira do Louro conta con servizo de transporte escolar para o alumnado que resida no Concello do Porriño a máis de 2 km de distancia do instituto.

A normativa reguladora do transporte escolar é a seguinte:

- Decreto 203/1986, de 12 de xuño, polo que se regulan provisionalmente determinados aspectos do transporte escolar (DOG 09/07/1986)

## 6) INFORMACIÓN NA APLICACIÓN ADMISIONALUMNADO

A xunta dispón da aplicación *admissionalumnado* para xestionar o proceso de admisión ao curso escolar 2024/25. Pódese acceder á aplicación no seguinte enderezo:

# IES RIBEIRA DO LOURO

Ribeira s/n – Torneiros. 36410 O PORRIÑO

Tel.: 986 33 39 56 – Fax: 986 33 37 84

**XUNTA DE GALICIA – CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE**

<https://www.edu.xunta.gal/admisionalumnado>

A aplicación permite consultar a seguinte información:

- a) O cronograma do proceso de admisión
- b) A previsión de postos escolares dispoñibles
- c) A relación do alumnado de cada curso co número asignado para a súa solicitude de admisión
- d) O estado de tramitación da súa solicitude
- e) A listaxe do alumnado con posto reservado
- f) As listaxes provisionais e definitivas do alumnado admitido